



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO ELECTRÓNICO

Data 13/03/2020 14:27:15

Saída 250535 / RX 406185



**NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 12 DE MARZO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL, DUNHA SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN AMBIENTAL REALIZADA POR [REDACTED]**

De conformidade co artigo 40 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificolle que con data do 12 de marzo de 2020, a Directora Xeral de Patrimonio Natural ditou unha resolución co texto íntegro seguinte:

| PROCEDEMENTO: ACCESO Á INFORMACIÓN AMBIENTAL |                                  |
|--|----------------------------------|
| Expediente                                   | IAB-001/2020                     |
| Solicitante                                  | [REDACTED]                       |
| Entidade                                     | Ecoloxistas en Acción [REDACTED] |
| Enderezo a efectos de notificación           | [REDACTED]                       |

**ANTECEDENTES**

I. Con data do 22.01.2020 tivo entrada no Rexistro da Xunta de Galicia (rexistro de entrada 2020/122762) unha solicitude de acceso á información ambiental realizada por [REDACTED], en representación de Ecoloxistas en Acción ([REDACTED]), relativa á diversa información sobre especies exóticas invasoras:

- Especies que foron propostas pola Xunta de Galicia para que sexan incluídas no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras.
- Especies exóticas invasoras que foron motivo da tramitación de denuncias no período 2010-2019 (ambos incluídos).
- Con respecto á fauna exótica invasora e para cada ano do período 2010-2019 (ambos incluídos):
  - Número anual de denuncias tramitadas por infracción administrativa.



- Número anual de sancións por infracción administrativa.
  - Importe anual do total das sancións por infracción administrativa.
- d) Con respecto á flora exótica invasora e para cada ano do período 2010-2019 (ambos incluídos):
- Número anual de denuncias tramitadas por infracción administrativa.
  - Número anual de sancións por infracción administrativa.
  - Importe anual do total das sancións por infracción administrativa.

II. Con data do 30.01.2020, o Servizo de Conservación da Biodiversidade informou á persoa solicitante que, tendo en conta o volume e a complexidade da información solicitada e de acordo co establecido no artigo 10.2.c.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE); resultaba imposible atender a solicitude dentro do prazo dun mes establecido no artigo 10.2.c.1 da citada lei, polo que era preciso ampliálo un mes máis, facilitándoselle á persoa solicitante a información no prazo de dous meses desde a recepción da solicitude no rexistro da autoridade pública competente para resolvêla.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

- I. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) define a información ambiental como toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre distintas cuestións, entre elas o estado dos elementos do ambiente, como o aire e a atmosfera, a auga, o solo, a terra, as paisaxes e espazos naturais, incluídos as zonas húmidas e as zonas mariñas e costeiras, a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xeneticamente; e a interacción entre estes elementos.
- II. Esa mesma lei regula no seu Capítulo III do Título II o acceso á información ambiental logo de solicitude. O artigo 10 deste capítulo establece que as solicitudes de información ambiental deberanse dirixir á autoridade pública competente para resolvêlas e tramitaranse de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto. Entenderase por autoridade pública competente para resolver unha solicitude de información ambiental, aquela en cuxo poder figura a información solicitada, directamente ou a través doutros suxeitos que a posúan no seu nome. Cando a autoridade pública non posúa a información requirida remitirá a solicitude á quen a posúa e dará conta disto á persoa solicitante.
- III. O artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, regula as causas de excepción á obriga de facilitar a información ambiental por parte das autoridades públicas.





- IV. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece no seu artigo 25 que o dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica. Engade ademais, que naqueles casos nos que a aplicación dalgunha limitación non afecte á totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederase o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.
- V. O día 11.03.2020 o Servizo Xurídico-Administrativo informou ao Servizo de Conservación da Biodiversidade no relativo ás letras b), c) e d) da solicitude formulada por [REDACTED], en representación de Ecoloxistas en Acción [REDACTED] considerando que a solicitude é manifestamente irrazoable e que dá traslado da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural desde o ano 2016 do número de sancións e o importe total destas.
- VI. Parte da solicitude atópase dentro das causas de inadmisión ou denegación recollidas no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 13 da Lei da Lei 27/2006, do 18 de xullo, respectivamente.
- VII. Con data do 12.03.2020, o Servizo de Conservación da Biodiversidade da Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe sobre a solicitude de información pública, no que se conclúe que parte da solicitude de información se atopa recollida nos supostos previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, polo que propón admitir dita solicitude e dar acceso á persoa interesada á parte da información solicitada, de acordo co información remitida o día 11.03.2020 polo Servizo Xurídico-Administrativo, que se atopa dentro do ámbito competencial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e en poder da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Así mesmo, propón, de acordo co informado polo Servizo Xurídico-Administrativo, inadmitir a solicitude de información relativa ao número de denuncias tramitadas e a relativa ao número de sancións e importe total anterior ao ano 2016, por atoparse dentro dos supostos previstos nos artigos 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e 13 da Lei da Lei 27/2006, do 18 de xullo, respectivamente.
- VIII. Este expediente foi tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- IX. A competencia para a resolución deste procedemento corresponde á directora xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro), no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e no artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Por todo o exposto, **RESOLVO**





**Primeiro.** Admitir parte da solicitude de información pública ambiental presentada por [REDACTED], en representación de Ecoloxistas en Acción [REDACTED], o 22.01.2020, ao atoparse entre os supostos recollidos na previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro.

**Segundo.** Dar acceso a parte da información solicitada, de acordo coa información remitida o día 11.03.2020 polo Servizo Xurídico-Administrativo, que se atopa dentro do ámbito competencial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; e en poder da Dirección Xeral de Patrimonio Natural:

a). Número de especies que foron propostas pola Xunta de Galicia para que fosen incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras: A Xunta de Galicia non trasladou ningunha proposta de inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras pero forma parte do Comité de Flora e Fauna que coordina as actuacións relativas á conservación das especies da flora e da silvestres a nivel estatal, así como das derivadas do cumprimento de convenios internacionais e da normativa comunitaria e tamén forma parte da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade como órgano consultivo e de cooperación entre o Estado y as comunidades autónomas, sendo a través destes órganos nos que esta Comunidade Autónoma manifesta a súa opinión e apoio sobre as propostas de inclusión.

b) Especies exóticas invasoras que foron motivo da tramitación de denuncias no período 2016-2019 (ambos incluídos):

- *Procambarus clarkii*
- *Triops longicaudatus*
- *Coturnix japonica*
- *Micropterus salmoides*
- *Estrilda ondulada*
- *Psittacula krameri*
- Varias especies de flora.

c) Número anual de sancións por infracción administrativa e importe anual do total das sancións por infracción administrativa, no período (2016-2019), tramitadas desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural

| Ano  | Número expedientes sancionadores | Importe total sancións (€) |
|------|----------------------------------|----------------------------|
| 2016 | 4                                | 12.004                     |
| 2017 | 2                                | 60.000                     |



| Ano  | Número expedientes sancionadores | Importe total sancións (€) |
|------|----------------------------------|----------------------------|
| 2018 | 1                                | 1.800,06                   |
| 2019 | 1                                | 1.800,06                   |

**Cos seguintes condicionantes:**

- I. Esta autorización será persoal e intransferible.
- II. Non se autorizará a cesión e difusión a terceiros da información achegada sen a autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- III. A autorización expedirase no ámbito de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, e non eximirá á persoa interesada de calquera outra autorización ou obriga que poida ser necesaria para a realización das actuacións e do cumprimento doutras disposicións establecidas pola normativa sectorial correspondente.

**Terceiro.** Inadmitir parte da solicitude referida ao número de denuncias tramitadas e a relativa ao número de sancións e importe total anterior ao ano 2016 por atoparse dentro dos supostos previstos nos artigos 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, respectivamente.

Contra esta resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2020.

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas



Susana Cuesta Fariña



